



XUNTA  
DE GALICIA

IES ILLA DE ONS  
36020246



Rúa A Pedra, 51  
36930 Bueu - Pontevedra  
Tfno.: 886 159 510 // Fax: 886 159 516  
ies.illa.ons@edu.xunta.gal  
iesillaons@iesillaons.com  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesillaons/>

*IES Illa de Ons*

**CONCRECIÓNS  
CURRICULARES**

CURSO 2021-22

## Índice

1. INTRODUCCIÓN .....	1
2. MARCO LEGAL .....	1
3. CONCRECIÓNS CURRICULARES .....	1
3.1. Niveis de concreción curricular. ....	1
3.2. As competencias clave na nosa concreción curricular .....	2
3.3. Avaliación. ....	2
3.3.1. Principios e carácter da avaliación. ....	2
3.3.2. Sesións de avaliación.....	3
3.3.2. Avaliación de materias pendentes. ....	4
3.3.3. Consello orientador.....	5
3.3.4. Criterios de promoción e titulación. ....	6
3.3.8. Criterios para outorgar as mencións honoríficas e/ou matrículas de honra.....	8
4. APROBACIÓN, DIFUSIÓN E AVALIACIÓN DA ADDENDA DAS CONCRECIÓNS CURRICULARES. ....	8
ANEXO I AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE A TRAVÉS DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
ANEXO II- DOCUMENTO DE AVALIACIÓN CONXUNTA DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
ANEXO III AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
ANEXO IV CONSELLO ORIENTADOR DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
ANEXO V PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PASE DE CURSO CON MATERIAS SEN SUPERAR	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
ANEXO VI PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>



## 1. INTRODUCCIÓN

O día 30 de decembro de 2020 publícase a LOMLOE. Esta nova norma educativa, a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMCE).

A implantación da nova lei realízase de xeito progresivo desde o curso 2020-21. Durante este curso escolar 2021-22, as modificacións introducidas afectarán á avaliación, promoción e titulación e ás condicións de acceso ás diferentes ensinanzas.

A elaboración desta addenda para a modificación das concrecións curriculares ten como obxectivo recoller eses cambios.

## 2. MARCO LEGAL

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE), pola que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMCE).
- Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, promoción e titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, no Bacharelato e na Formación Profesional.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG. 11/02/2022)
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. (DOG. 11/03/2021)
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 26/10/2021)

## 3. CONCRECIÓNS CURRICULARES.

### 3.1. NIVEIS DE CONCRECIÓN CURRICULAR.

A concreción curricular organizouse en dous niveis. En primeiro lugar, un nivel de concreción curricular de centro no que se consensaron **acordos xerais adoptados no seno da CCP e do claustro con respecto ás competencias clave e os obxectivos de etapa**. Partindo dos currículos das distintas materias de secundaria (*DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*) e as correlacións neles establecidas entre obxectivos, competencias clave, criterios de avaliación e contidos, establecéronse por consenso as liñas xerais de avaliación conxunta, elaborando dous documentos nos



que se reflicte o reparto entre os distintos departamentos do peso de cada materia na avaliación das competencias e dos obxectivos.

En segundo lugar, **un nivel de concreción curricular dentro de cada departamento**, onde todas as propostas se leven á práctica por parte do profesorado nas súas programacións de aula e onde se establezan as liñas de actuación con respecto aos procesos de ensinanza-aprendizaxe (tarefas, exercicios, actividades, etc.) e á súa avaliación dentro das distintas materias.

### 3.2. AS COMPETENCIAS CLAVE NA NOSA CONCRECIÓN CURRICULAR.

Para a avaliación das competencias clave, empregárase a **ferramenta informática deseñada polo centro a tal fin**, consistente na avaliación ponderada do peso que cada materia aporta ao desenvolvemento das competencias. Os criterios de ponderación foron fixados previamente por acordo dos departamentos didácticos.

Por outra banda, cada departamento atenderá na avaliación aos **indicadores de logro** que se mostran no **Anexo I**.

Tamén cómpre destacar que resulta indispensable para o profesorado unha comprensión do que hai detrás de cada competencia clave. Para facilitarnos esta comprensión consultamos a páxina do ministerio de educación:

<https://educagob.educacionyfp.gob.es/curriculo/curriculo-actual/competencias-clave.html>

### 3.3. AVALIACIÓN.

#### 3.3.1. PRINCIPIOS E CARÁCTER DA AVALIACIÓN.

Tal e como establece o punto 3 do artigo 7 da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

- Continua: cando o progreso dun/dunha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Formativa: será un instrumento para a mellora tanto dos procesos do ensino como dos procesos de aprendizaxe.

- Integradora: deberá terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Os referentes de avaliación no caso de alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa práctica docente, segundo estean recollidas na súa programación. As conclusións desta avaliación trataranse nunha reunión de departamento para a súa análise e recolleranse en actas.

### 3.3.2. SESIÓNS DE AVALIACIÓN.

Na seguinte táboa, recóllese a finalidade de cada unha das sesións de avaliación:

<b>Sesións de Avaliación</b>	
	<b>Carácter da avaliación.</b>
<b>Avaliación inicial</b>	Informativa, sobre as características do grupo e aspectos individuais a ter en conta: materias, medidas de apoio, atención específica ... Non ten peso na avaliación das materias (sen notas).
<b>1ª Avaliación</b>	Informativa, procurando coordinación e con notas numéricas para determinar a evolución académica ata o momento.
<b>2ª Avaliación</b>	Informativa, procurando coordinación e con notas numéricas para determinar a evolución académica ata o momento.
<b>3ª Avaliación</b>	Informativa, procurando coordinación e con notas numéricas para determinar a evolución académica ata o momento. O equipo docente elaborará un breve informe individualizado para o alumnado con materias suspensas.
<b>Avaliación Final</b>	Tomaranse decisións relativas á promoción ou titulación. Elaborarase o consello orientador en 2º e 4º da ESO.



- O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a final dedicarase a actividades de reforzo, ampliación, recuperación e titoría.

- Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

- Tal e como se especificou anteriormente, para realizar a avaliación das competencias clave elaborouse un documento compartido por cada curso onde se recolle o peso da porcentaxe que se lle outorga a cada unha das materias. Esta táboa deberá cubrila todo o equipo docente antes da celebración da avaliación final, e tela en conta á hora de tomar decisións de cara a promoción ou titulación. **Anexo II.**

- Para realizar a **avaliación dos obxectivos de etapa elaborouse outro documento onde tamén se recolle o peso da porcentaxe que se lle outorga a cada materia.** Como no caso da avaliación das competencias clave, este documento ten que estar cuberto antes da avaliación final e terase en conta á hora de tomar decisións de cara á promoción ou titulación. **Anexo III.**

- A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

- As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

### 3.3.2. AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

Coa finalidade de facilitarlles a recuperación destas materias, os respectivos departamentos didácticos elaborarán os seus plans de recuperación dos que informarán ao alumnado a través do profesorado da materia que no presente curso lles imparta clase. Será ese profesorado ou o Xefe de Departamento o encargado de avaliala. Se ó finalizar as 3 avaliacións parciais o alumnado aínda ten materias pendentes, terá a oportunidade de recuperalas durante o período abranguido entre a 3º avaliación parcial e a final.

Os resultados de todo este proceso serán reflectidos na avaliación final ordinaria, onde se fará constar a súa cualificación final.



### 3.3.3. CONSELLO ORIENTADOR.

Ao finalizar o segundo curso entregaráselles ós pais, nais ou persoas que teñan a tutoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello irá acompañado dun informe sobre o grao de adquisición das competencias clave e dos obxectivos de etapa, así como unha proposta a pais, nais ou titores legais, da opción que se considere máis axeitada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluír á unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas o profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado encontre unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente estime conveniente propoñer a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, dita proposta comunicárase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

Este consello orientador elaborárase o profesorado titor, trala información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura do profesorado titor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto bo da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno **Anexo IV**.



### 3.3.4. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

#### A. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

##### PROMOCIÓN.

Ao finalizar cada un dos cursos de etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución de obxectivos, ao grao de adquisición de competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Acadará a promoción dun curso a outro, o alumno ou alumna que supere todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas como máximo. Considerarase para o cómputo as materias pendentes de cursos anteriores.

Ademais, poderá promocionar se así o decide a xunta avaliadora cando se cumpran simultaneamente todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que acade a promoción con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación (**Anexo V**).

##### OBSERVACIÓNS:

1ª O alumno ou a alumna que non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Será esta unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado (**Anexo VI**).





2ª O alumno ou alumna poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## TITULACIÓN.

Ao finalizar o cuarto curso de etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación.

Obterá o título de graduado en ESO o alumnado que ao rematar a Educación Secundaria Obrigatoria teña avaliación positiva en todas as materias e teña acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

Ademais, poderase obter o título sempre que se cumpran **SIMULTANEAMENTE** todas as condicións seguintes:

- e) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- f) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou alumno adquirise as competencias establecidas.
- g) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e nivel de adquisición das competencias de etapa.

## OBSERVACIÓNS:

1ª. O alumnado que non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 27/2006, do 3 de maio, de educación, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.

### **3.3.8. CRITERIOS PARA OUTORGAR AS MENCIÓNS HONORÍFICAS E/OU MATRÍCULAS DE HONRA.**

Segundo a *Orde do 25 xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, ao alumnado de 4º ESO e 2º bacharelato poderáselle outorgar matrículas de honra segundo os seguintes criterios.

No caso de 4º ESO, o Artigo 12 do capítulo III explica que o alumnado que despois da avaliación final obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a 9, poderá recibir a mención de matrícula de honra (MH). A devandita mención concederáse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación.

Se o alumnado que cumpre os requisitos anteriores supera o 5% do total do curso, aplicaranse os seguintes criterios nesta orde ata desfacerse o empate:

1. Maior nota media en 4º de ESO.
2. Maior nota media en 3º de ESO.
3. Maior nota media en 2º de ESO.
4. Maior nota media en 1º de ESO.

### **4. APROBACIÓN, DIFUSIÓN E AVALIACIÓN DA ADDENDA DAS CONCRECIÓNS CURRICULARES.**

Esta addenda foi aprobada no claustro extraordinario celebrado o día 06 de maio de 2022.

Foi enviada á Inspección Educativa e incorporada ao PEC do centro.

Con data do 09 de maio de 2022 as familias foron informadas do contido desta addenda, especialmente o referido aos criterios de avaliación, promoción e titulación a través dun correo electrónico masivo que contiña un enlace á páxina web do centro.

Así mesmo, no inicio da terceira avaliación, nas sesións de titoría correspondentes a cada grupo de alumnado, as persoas titoras informaron do mesmo contido.